

Texto e ilustracións: **JAN LÖÖF**

Tradución: **JARNA PIIPPO** e **RAMÓN NICOLÁS**

Encadernado en cartóné


36 páxinas a toda cor. 19,5x26 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "As aventuras da mazá vermella"  
Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-670-9
- Castelán: "La historia de la manzana roja"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-34-5
- Portugués: "As aventuras da maçã vermelha"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-88-0

Prezo: 13 €

## AS AVENTURAS DA MAZÁ VERMELLA



**Había unha vez un señor con traxe de raias ao que lle cadrou pasar por unha froiteraría. «Que ben me sabería unha mazá moi celmosa» pensou o señor, e entrou na tenda. O froiteiro pensou queo señor sería fácil de enganar, e sacou unha mazá de plástico...**

O azar sorpréndenos a cada momento, como aos protagonistas deste trepidante relato: o froiteiro pasa de burlador a burlado e o home do traxe a raias atopa recompensa á súa inxenuidade. Cunha sinxela mazá vermella como fio conductor, este álbum invita o lector a realizar un animado percorrido polos recunchos dunha cidade, atrapado nunha serie de circunstancias casuais e encadenadas entre si, cada cal máis insólita.

A mazá que golpea a unha anciá, que á súa vez culpa a un neno, ao que case atropela un coche, que acaba empotrado contra un valado, ao que accede un descoñecido para coller sen permiso a verdadeira mazá do froiteiro... E moitas máis aventuras. A casualidade é caprichosa, como proba esta historia de Jan Lööf, quen a creara inicialmente con formato de cómic.

Abundan os golpes de enxeño, tanto dende o punto de vista estético como literario. Cun ritmo áxil e recursos narrativos aparentemente sinxelos, o autor presenta unha obra chea de emoción e sucesos, incidentes e confusións, ao máis puro estilo das películas cómicas de antano.

### **JAN LÖÖF (Trollhättan, Suecia, 1940)**

Ilustrador, autor, debuxante de cómic e músico de jazz. Estudou na Academia de Arte de Estocolmo a principios dos anos 60. O seu cómic máis coñecido, titulado "Félix", considerado unha versión naif de Tintín, data de 1967. Posteriormente creou as tiras de humor "Bellman" e a comedia de aventuras "Ville".

Na década seguinte participou como actor en algunhas producións de televisión e xa en 1985 realizou o seu propio show infantil na televisión sueca. Tanto no seu país como no resto do mundo, os álbums ilustrados deste autor foron moi famosos, principalmente "As aventuras da mazá vermella". Colaborou con Carl-Johan de Geer ilustrando algúns dos seus relatos para nenos. Ademais da súa faceta como debuxante e ilustrador, tamén destacou como intérprete de saxofón.



- **Temática:** relato encadeado
- **Idade recomendada:** desde 5 anos
- **Aspectos destacables:** espazos urbanos, xustiza, egoísmo; casualidades, humor, cómic; recomendados outros títulos como "Quen viu as tesoiras", de Fernando Krahn, e "Só un segundo", de Silvio Freytes e Flavio Morais, ambos publicados por KALANDRAKA